

**DECRETO DA ALCALDÍA****JOSE MANUEL MIÑONES CONDE, ALCALDE DO CONCELLO DE AMES ( A CORUÑA)****ASUNTO: MEDIDAS ADOPTADAS COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS (COVI/19).  
EXPEDIENTE: 2020/G003/000710****ANTECEDENTES:**

Con motivo da situación xenerada polo coronavirus (COVI/19) e seguindo as instrucións do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, por esta Alcaldía foron ditados os decretos 679/2020, 681/2020 e 683/2020

Mediante o decreto 683/2020, seguindo as instrucións da FEGAMP, foron suspendidas as sesións de Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e demais reunións de traballo (coa excepción da Comisión de Seguimento do COVID-19), durante toda a duración do Estado de Alarma declarado polo Real decreto 463/2020.

Esta Alcaldía ten delegada unha parte das súas competencias na Xunta de Goberno Local tal e como resulta do decreto 1776/2019. O feito de que durante o Estado de Alarma non se podan celebrar Xuntas de Goberno pode levar á imposibilidade de aprobación dalgún asunto urxente, ademais dunha ralentización do funcionamento da administración municipal, xa moi freada pola situación excepcional na que nos atopamos.

Dado que na actualidade estase a traballar co sistema de teletraballo, nada impide que continúe a actividade administrativa a través de Decretos da Alcaldía.

Por todo o exposto esta Alcaldía ao abeiro do artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, RESOLVE

**Primeiro.** Avocar, durante a duración do Estado de Alarma declarado polo Real decreto 463/2019 do 14 de marzo, a totalidade das competencias delegadas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local mediante o decreto 1776/2019.

**Segundo.-** Dar publicidade a este decreto no BOP e no portal de transparencia municipal.

Ames, 16 de marzo de 2020

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo

P - 1500200 - I